

ACERCA DO DESEÑO DA FAIXA DO LIBRO DE XABIER VILA-COIA “OS MEDOS”

O traballo de referencia utilizado para o deseño da faixa do libro “Os medos” foi a obra de José Luis Calvo Pérez e Luis Grávalos González titulada “Banderas de España”, publicada pola editorial Sílex en 1983. Eu limiteime a intervir en algúns escudos históricos para crear outro cun simbolismo diferente, e deste xeito facer unha interpretación persoal dos acontecementos políticos acontecidos en Catalunya após a *Diada* do 11 de setembro do ano 2012, todos eles dirixidos a conseguir a separación desta Comunidade Autónoma do Reino de España, e a súa constitución como Estado independente en forma de república.

A base do escudo que redeseñei para esta faixa é o Estandarte Real de Galera (1571), vixente durante o reinado de Felipe II, reproducido na páxina 73 da obra citada:




Explican os autores que este estandarte é unha simplificación da Bandeira Imperial de Carlos V (páx. 53):



En efecto, nótese que todo o campo do Estandarte Real de Galera está ocupado polos símbolos de Castela e León, que na Bandeira Imperial tan só aparecen situados no cantón destro do xefe. No resto do campo do escudo da Bandeira Imperial atopamos: “Aragón y Sicilia, partidos en el cantón siniestro del jefe; Granada, en el centro; Austria, Borgoña antigua y moderna y Brabante, cuartelados en la punta con escusón partido de Flandes y Tirol” (páx. 52). Débese subliñar que a aguija bicéfala é propia do Imperio e representa a España e a Alemaña; porén, no escudo presente na faixa adquire un significado ben distinto.

Eu substituí, simplemente por gusto estético, o castelo do devandito Estandarte Real de Galera polo castelo da bandeira da cidade de Cáceres, outorgada pola raíña Isabel “a Católica”, semella que no ano 1477 (páxs. 42 e 43); e o león rampante polo do pendón de Alfonso VI, do ano 1065 (páxs. 26 e 27):



Por último, empreguei as cores da bandeira e as columnas de Hércules do actual escudo do Reino de España (páx. 235):



Pero cunha pequena modificación no texto da columna dereita: ao adverbio de cantidade “Plus” engadín o adverbio de negación “Non”, ficando como texto completo de ámbalas dúas columnas: **“Non Plus Ultra”**, que como é sabido, alén de que a lenda atribúe a Hércules ter escrito esta expresión no estreito de Xibraltar para advertir que alí remataba a terra coñecida, tamén se utiliza para manifestar a crenza de que unha realidade chegou á máxima perfección posíbel, polo cal considérase que nada debe mudar.

